



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la necesidad de adoptar medidas para la reforma integral de la N-634 a su paso por el término municipal de Curtis.**

El mal estado de la N-634 a su paso por el municipio de Curtis es ya preocupante. En concreto, el tramo que va del punto kilométrico 664 al 677 (a la altura de Teixeira) es totalmente impracticable para una conducción segura. Un trayecto lleno de baches en el firme, hoyos y grietas que obligan a las personas conductoras a realizar maniobras arriesgadas para sortearlos, llegando incluso a invadir el carril contrario.

Las quejas de los vecinos y vecinas son constantes debido a la falta de seguridad vial y también por los daños que las deficiencias en la calzada están causando a los vehículos que se ven obligados a transitar diariamente por un firme en ruinas. De hecho, los desprendimientos procedentes del asfalto acaban rellenando los bordillos de grava, además de saltar sobre los coches que pasan, provocando pinchazos en las ruedas, rotura de lunas y averías. El avanzado estado de deterioro de esta vía, con un pavimento deteriorado, obliga a los conductores a circular a una velocidad muy inferior a la permitida en la vía para minimizar los daños.

Por lo tanto, es preciso acometer una rehabilitación integral de la vía a su paso por el término municipal de Curtis. De nada sirven actuaciones puntuales y limitadas como las realizadas el pasado verano, que consistieron únicamente en repintados superficiales sobre un asfalto completamente deteriorado. Tampoco sirve de nada que se rellenen algunos de los agujeros, ya que la lluvia y los temporales acaban deteriorando más si cabe el firme reparado.

La N-634 es una vía con un importante volumen de tráfico diario. Es la principal vía de comunicación de la comarca de Santiago hacia el noreste, pasando por Curtis, Guitiriz y Baamonde para luego dirigirse hacia Ribadeo en A Mariña. Son precisamente los tramos de Curtis y Mondoñedo los que concentran la mayor parte de quejas por su mal estado de conservación. Conviene recordar que según el Informe de la Asociación Española de la Carretera 2025, Galicia es la segunda comunidad con peor estado de carreteras de titularidad estatal, con un 59% de la red en condiciones deficientes o muy deficientes.



Resulta por tanto imprescindible que el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible aborde la situación y ponga en marcha una reforma y rehabilitación de la N-634, especialmente en el tramo de Curtis, previendo actuaciones de fondo e inversiones suficientes que aseguren una conducción segura.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible de la situación de grave deterioro de la N-634 en el término municipal de Curtis? ¿Ha realizado alguna revisión o inspección del firme de la N-634 en Curtis? ¿De ser así, cuándo y cuál fue el resultado?
2. ¿Tiene previsto el Ministerio iniciar actuaciones para la reparación urgente del tramo así como un Plan de rehabilitación integral de la N-634 que permita dar solución a una carretera llena de baches, agujeros y grietas?
3. ¿Está de acuerdo el Ministerio en que el actual estado de deterioro del firme de la N-634 supone un grave riesgo para la conducción? ¿Conoce las numerosas reclamaciones y protestas de los vecinos y vecinas de la zona que también sufren los daños que la deficiente infraestructura produce en sus vehículos?
4. ¿Es conocedor de que el mal estado del asfalto de la N-634, en concreto entre los puntos kilométricos 664 y 677, está causando roturas de ruedas y lunas o averías en los vehículos que circulan por la vía?
5. ¿Qué disposición tiene el Ministerio de cara a emprender un plan de reforma y rehabilitación de esta carretera en Curtis con actuaciones estructurales que reparen el firme y no se limiten a medidas puntuales?

Madrid, a 10 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 FEB. 2026 18:43:47

Entrada **99002**

Sobre a reforma integral da N-634 ao seu paso polo concello de Curtis

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **á necesidade de adoptar medidas para a reforma integral da N-634 ao seu paso polo concello de Curtis.**

O mal estado da N-634 ao seu paso polo municipio de Curtis é xa preocupante. En concreto, o tramo que vai dos puntos quilométricos 664 ao 677 (á altura de Teixeira) é totalmente impracticábel para a unha condución segura. Un traxecto cheo de buratos no firme, fochancas e gretas que obrigan ás persoas condutoras a facer manobras arriscadas para sortealos, mesmo chegando a invadir o carril contrario.

As queixas dos veciños e veciñas son constantes debido á falta de seguranza viaria e tamén polos danos que as deficiencias na calzada están a causar nos vehículos que se ven obrigados a transitar diariamente por un firme arruinado. De feito, os desprendementos procedentes do asfalto acaban enchendo as beiravías de grava, ademais de saltar aos coches que circulan causando picadas nas rodas, roturas nos cristais e avarías. O avanzado estado de deterioro desta estrada, cun pavimento desfeito, obriga ás persoas condutoras a circular a unha velocidade moi inferior á permitida na vía para minimizar os danos.

Así pois, é preciso acometer unha rehabilitación integral da vía ao seu paso polo Concello de Curtis. De nada valen as actuacións puntuais e limitadas como as realizadas no pasado verán que consistiron unicamente no repintado superficial sobre un asfalto totalmente deteriorado. Tampouco serve de nada que se

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 FEB. 2026 18:43:47

Entrada **99002**



reenchan algunhas das fochas, pois as chuvias e temporais acaban deteriorando aínda máis se cabe o firme reparado.

A N-634 é unha vía cun importante volume de tráfico diario. É a principal vía de comunicación da comarca de Santiago cara o nordés, pasando por Curtis, Guitiriz e Baamonde e logo ir cara Vilalba, Mondoñedo e Ribadeo na Mariña. Son precisamente os tramos de Curtis e Mondoñedo son os que concentran a maior parte das queixas polo seu mal estado de conservación. Cabe lembrar que segundo o Informe da Asociación Española da Estrada 2025, Galiza é a segunda comunidade con peor estado das estradas de titularidade estatal, co 59% da rede en condicións deficientes ou moi deficientes.

Resulta así imprescindible que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel atenda a situación e poña en marcha unha reforma e rehabilitación da N-634, especialmente no tramo de Curtis, prevendo actuacións de fondo e investimentos suficientes que aseguren unha condución segura.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Coñece o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel a situación de grave deterioro da N-634 no Concello de Curtis? Realizou algunha revisión ou inspección do firme da N-634 en Curtis? De ser así, cando e cal foi o resultado?
2. Prevé o Ministerio iniciar actuacións para a reparación urxente do tramo así como un Plan para a rehabilitación integral da N-634 que permita dar solución a unha estrada chea de fochancas, buratos e gretas?
3. Comparte o Ministerio que o actual estado de deterioro do firme da N-634 implica un grave risco para a condución? Coñece as numerosas reclamacións e protestas da veciñanza da zona que soporta ademais os danos que a infraestrutura deficiente causa nos seus vehículos?



4. É coñecedor de que o mal estado do asfalto da N-634, en concreto entre os puntos quilométricos 664 e 677, está causando rotura de rodas e cristais ou avarías nos vehículos que circulan pola vía?
5. Que disposición ten o Ministerio a emprender un Plan de reforma e rehabilitación desta estrada en Curtis con actuacións estruturais que arranxen o firme e non se limiten a medidas puntuais?

Madrid, a 10 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso